

# **CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO I CONCURSO DE KARAOKE DE NADAL 2011-2012**

O Concello de Xove, dentro do marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente ten como obxectivo potenciar a participación cidadá nos actos programados para as datas de Nadal, e realiza para tal fin a convocatoria de premios do I Concurso de Karaoke a celebrar o día 30 de decembro, coas seguintes especificacións:

## **1.- Entidade adxudicadora**

- a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove
- b.- Departamento que tramita o expediente: Concellería de Cultura

## **2.- Obxecto**

Concesión de premios do concurso de karaoke de Nadal organizado polo Concello de Xove que se celebrará o venres día 30 de decembro ás 22.00 horas (a fase de ensaios será de 19.00 a 21.00 horas)

## **3.- Orzamento e tramitación anticipada do gasto**

A contía máxima prevista destinada aos presentes premios é de 340,00 €, con cargo á partida 338.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal.

A resolución de concesión de premios e polo tanto o recoñecemento da obriga terá lugar en 2012 polo que será de aplicación o artigo 56 da Lei Xeral de Subvencións sobre tramitación anticipada de gasto. A concesión queda así condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

## **4.- Contía dos premios**

Haberá tres categorías: Peques, iunior e veteranos. En cada unha destas categorías premiarase a "Mellor voz" e "Mellor caracterización". No primeiro caso, para a concesión do premio, o xurado atenderá á calidade da voz, modulación ou entonación. No segundo caso valorarase o vestiario, maquillaxe e aspectos similares.

### Peques.

Poderán participar nesta categoría os menores de 12 anos

Premio á "Mellor voz": 20 euros

Premio á "Mellor caracterización": 20 euros

### Iunior

Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 12 anos ou máis e que non cumpriran os 18 anos.

Premio á "Mellor voz": 50 euros  
Premio á "Mellor caracterización": 50 euros

### Veteranos

Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 18 anos ou máis.

Premio á "Mellor voz": 100 euros  
Premio á "Mellor caracterización": 100 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

## **5.- Requisitos dos participantes**

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquera persoa.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición establecida ao efecto
- Copia do N.I.F. do concursante ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade.

A ficha de inscrición deberá presentarse antes das 15 horas do día previo á celebración do concurso ben personándose nas dependencias do Concello de Xove-Oficina do Técnico de Cultura. Tamén poderá presentarse o mesmo día do concurso, a partires das 19 horas no salón de Actos do Centro Cívico. Non obstante, para os ensaios previos ao concurso terán preferencia os inscritos antes nas dependencias do Concello, tomando en consideración a súa orde de inscrición.

A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

## **6.- Procedemento de entrega de premios**

Unha vez rematado o concurso, o xurado levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías. De acordo coa mesma entregárase aos gañadores un cheque-regalo que poderá gastarse en calquera establecemento comercial ubicado dentro do término municipal de Xove.

Sobre a acta do xurado, emitírase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para a concesión dos premios.

O establecemento comercial no que o beneficiario decida gastar o seu premio, deberá emitir factura a nome deste ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade, especificando o premio e a categoría na que o beneficiario resultou gañador, tal

e como conste no cheque-regalo. A factura deberá presentarse polo beneficiario na Tesourería do Concello para o cobro do premio, unha vez concedidos pola Xunta de Goberno Local.

### **8.-Outras informacións**

Concelleira de Cultura ou Técnico Municipal de Cultura. Tfno. 982.59.20.01

Acordo da X.G.L. na súa sesión de de decembro de 2.011